



## PREGUNTAS FRECUENTES

### 1. ¿Cómo debo proceder para someterme á avaliación da acreditación de profesorado para as figuras de: PCD, PUP, PAD e a excepcional de PCO?

Unha vez abertas as convocatorias deberá  cubrir necesariamente en formato dixital a instancia e tódolos datos do seu CV  a través da nosa aplicación informática.

### 2. ¿Onde podo atopar o acceso á aplicación para a cumprimentación do meu CV?

Ten dúas formas de acceder á aplicación de acreditación, ou ben a través da *nova*, que se publica na web cando se abre a convocatoria, ou ben dende o link directo que atopará na marxe dereita da nosa páxina Web: [www.acsug.es](http://www.acsug.es). Para activar estes links, basta con premer no mapa de Galicia da marxe superior esquerda.

### 3. ¿ Cál é a documentación básica que se debe presentar en rexistro?

Trala cumprimentación da súa INSTANCIA, deberase imprimir, asinar e presentar, a través dos rexistros relacionados no artigo 38.4 da lei 30/92 , xunto cunha COPIA DO SEU DNI (ou equivalente) e unha COPIA DA TITULACIÓN esixida para cada unha das convocatorias, tal e como se recolle no Diario Oficial de Galicia (DOG). Xunto con esta documentación en papel deberá presentar, por duplicado e en formato dixital (DVD, CD, PEN-DRIVE), tódala documentación xustificativa dos méritos curriculares.

### 4. ¿Cómo debo organizar a miña documentación acreditativa?

A forma máis sinxela, é organizar a documentación acreditativa en carpetas. As cales deberán ter o mesmo nome e orden cos grandes apartados nos que se divide o currículo da aplicación informática. O obxectivo é que o avaliador poida localizar de forma clara os xustificantes dos méritos a medida que os vai consultado e avaliando na aplicación.

### 5. ¿Que supón a convalidación automática?

A convalidación automática supón que o seu expediente xa non será sometido a avaliación e obterá tódalas figuras contractuais solicitadas. Esta premisa ben suxeita ós seguintes supostos:

- A aqueles que obtiveran a avaliación positiva, na ACSUG ou na ANECA, para a figura PCD.
- A aqueles que pertencen ó corpo de catedráticos de universidade, profesores titulares de universidade e aqueles que se atopan na situación administrativa e académica de estar acreditados para estes corpos.
- A aqueles que obtiveran avaliación positiva nas figuras contractuais (PCD, PAD, PUP, PCO) noutros órganos de avaliación e que poderán ser contratados polo SUG, sempre tendo en conta o que determinen: as leis do Estado, leis doutras Comunidades Autónomas ou de certos mecanismos de cooperación e recoñecemento mutuo.

**6. ¿Existen prazos concretos para a presentación dos documentos necesarios para ser avaliado?**

Si. As datas e prazos de entrega de documentación virán determinados pola convocatoria, dado que non se trata de convocatorias abertas.

**7. ¿Cómo podo recuperar a miña documentación que obra en poder da ACSUG?**

Para poder recuperar a súa documentación deberá presentar un escrito onde solicite a devolución da súa documentación acreditativa (datos persoais, ano convocatoria e número de expediente). Ademais, deberá contactar coa ACSUG no teléfono 981 534173 solicitando unha data para a súa recollida.

**8. ¿Debo cotexar toda a documentación acreditativa?**

Non será preciso para esta convocatoria.

**9. ¿Canto tempo tardará a ACSUG en resolver a miña solicitude?**

A ACSUG resolverá as solicitude nun prazo máximo de seis meses.